



RÍO VILAMEÁ-MINA DAS SOMBRAS


Adela Leiro, Mon Daporta



Distancia: 9 km (lineal)

Dificultade: alta

Duración: 8 horas



Un dos moitos saltos que podemos atopar no río Vilameá.



Chivana. Refuxio de pastores.

Unha ruta no parque Natural da BaixaLimia-Serra do Xurés de grande interese paisaxístico, xeolóxico, biolóxico e etnográfico. Poderemos coñecer o val glaciar do río Vilameá e os numerosos saltos e pozas que forma este río no seu brusco descenso desde os cumes da serra do Xurés ata atoparse co río Caldo (afluente do Limia).

COMO CHEGAR:

Desde Vilameá (estrada Lobios-Portela do Homem) hai dúa opcións. Subir camiñando seguindo a ruta do río Vilameá ou pola pista que vai á Ermida da Nosa Señora do Xurés (este tramo poderíase facer en coche). Logo séguese por unha pista de 2 quilómetros ata a Ponte de Porta Paredes e continúaase pola marxe dereita do río ata chegar á parte alta do val onde se atopa, á esquerda, a mina das sombras, unha antiga explotación de wolframio. Vólvese polo mesmo camiño e na parte final pódese cambiar por algunha das opcións (pola outra marxe do río ou polo camiño da ermida).

Non se aconsella facela en días de moita calor.



Mina das sombras



Morrenas glaciares

Na serra do Xurés (Val de Vilameá) consérvanse formas traballadas polos glaciares cuaternarios máis occidentais de Europa: circos glaciares, morrenas, rochas estriadas, acumulacións de depósitos fluvioglaciais e vales en artesa.



Cardo do Xurés (*Eringium duriaei* subsp. *juresianum*), especie endémica do Xurés.



Parte alta do val glacial de Vilameá